

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 28 de abril de 2008 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11, aprobadas polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo.

O Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11, actualiza e refunde nun único texto legal gran cantidade de normativa de gas que se encontraba dispersa en numerosas ordes ministeriais, vixentes algunha delas desde hai máis de trinta anos.

O antedito regulamento legisla o control da seguridade das instalacións de gas dun xeito máis liberalizador, seguindo a liña marcada por outros regulamentos desde a publicación do Real decreto 2135/1980, do 25 de setembro, sobre liberalización industrial. Neste sentido establece que a responsabilidade do cumprimento dos requisitos técnicos das instalacións corresponde aos titulares, ás empresas instaladoras e aos organismos de control, reservando á Administración o labor de rexistro e, se é o caso, inspección das instalacións.

As instrucións técnicas complementarias que van da ICG 01 á ICG 08, así como a ICG10 regulamentan diversos tipos de instalacións existentes no sector e introducen unha serie de novidades no proceso da súa inscrición que fan necesario actualizar as solicitudes asociadas aos ditos procedementos, o que se leva a cabo nos anexos a esta orde.

Entre as novidades introducidas pola ITC ICG-09 figura o establecemento de diversas vías para a obtención dos certificados de cualificación individual. Aínda que nesta ITC non se establece para poder acceder ao exame para a obtención do certificado de cualificación individual a obrigatoriedade de realizar previamente un curso teórico-práctico, isto non significa que estes cursos teñan unha importancia fundamental nun sector como é o das instalacións de gas, en que se precisa dun persoal moi cualificado que sexa capaz de adaptarse os continuos cambios tecnolóxicos que se producen no sector. Por iso no artigo seis desta orde régulase a autorización de entidades de formación, establecéndose a posibilidade de que sexan fixados uns medios mínimos para desenvolver a actividade formativa neste campo.

Para a elaboración desta norma tivéronse en conta os preceptos e condicións precisas do réxime autori-

zatorio establecidos na Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006 relativa aos servizos no mercado interior (DOUE L376, do 27 de decembro). Neste senso, a autorización de axentes a que se refire o capítulo II desta orde cumpre coas condicións e criterios establecidos nos artigos 9 e 10 da referida directiva, e non supedita o acceso á condición de entidade autorizada aos requisitos prohibidos no seu artigo 14 ou aos requisitos que precisan avaliación que figuran no artigo 15.2.

A existencia de inscrición das instalacións nun rexistro e a existencia de autorización ás entidades de formación e outorgamento de certificado de empresa á instaladora de gas forman parte do concepto de autorización establecido no considerando 39 da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

De conformidade coa xurisprudencia do Tribunal de Xustiza, os obxectivos de saúde pública, protección dos consumidores, sanidade animal e protección do contorno urbano constitúen razón imperiosa de interese xeral que permiten xustificar a aplicación de réximes de autorización e outras restricións.

As medidas adoitadas xustifícanse pola obriga da Administración de velar polo cumprimento dos requisitos técnicos mínimos coa finalidade de protexer a saúde e seguridade públicas en xeral e dos usuarios destas instalacións en particular. Trátase de medidas que lle posibilitan á Administración a comprobación dos requisitos técnicos mínimos de deseño e funcionamento das instalacións por unha banda, e dos coñecementos e medios técnicos mínimos cos que deben contar os axentes autorizados constituídos nesta orde polas persoas dotadas de certificado de cualificación individual, as empresas instaladoras de gas e as entidades de formación.

Non obstante, os réximes de autorización ou restrición desta norma non supoñen discriminación en razón de nacionalidade. Ademais, respéctanse os principios de necesidade e proporcionalidade. En efecto, non constitúen medidas discriminatorias desde o punto de vista formal xa que afectan por igual a prestadores de servizos españois ou estranxeiros. Aínda que recoñecendo que o seu cumprimento pode ser máis dificultoso para os segundos, os incrementos de gastos e cargas administrativas para empresas establecidas noutro Estado membro son mínimas, polo que estas empresas se encontran en igualdade condición que os seus competidores no Estado de acollida, non sendo os requirimentos administrativos elementos que as induzan a deixar de prestar este servizo neste Estado membro.

A inscrición no rexistro, tras a comprobación do cumprimento dos requirimentos mínimos, é unha

medida necesaria e proporcionada para a consecución do obxectivo de control da seguridade industrial, non podendo conseguirse de xeito menos restritivo.

Polo exposto, en uso das competencias que esta consellería ten atribuídas en materia de seguridade industrial e das facultades que me foron conferidas, na súa virtude,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é desenvolver, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o establecido polo o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias, en adiante ITC, ICG 01 a 11, aprobadas polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, en diante regulamento.

CAPÍTULO I

REXISTRO DE INSTALACIÓNS

Artigo 2º.-*Centros de almacenamento e distribución de envases de gases licuados do petróleo.*

Conforme o establecido no artigo 3.1º a) do Decreto 115/2000, do 11 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de establecementos industriais de Galicia, deberán inscribirse no Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia os centros de almacenamento e distribución de envases de gases licuados do petróleo, en diante GLP, a que se refire a ITC-ICG 02 punto 2, agás os de 5ª categoría que teñan o almacenamento en locais comerciais. Todo isto sen prexuízo da comunicación de datos que, se é o caso, deberá ser feita conforme o establecido na Orde do 24 de maio de 2006 pola que se crea e se regula o Rexistro de Instalacións de Distribución polo miúdo de Produtos Petrolíferos Líquidos.

As delegacións provinciais da consellería competente en materia de industria levarán un rexistro dos centros de almacenamento e distribución de envases de GLP de 5ª categoría situados en locais comerciais con capacidade nominal de contido total de ata 500 kg, a que se refire a ITC-ICG 02 punto 2.

Artigo 3º.-*Instalacións receptoras de GLP e de almacenamento en depósitos fixos.*

A comunicación para a posta en servizo das instalacións receptoras de combustibles gasosos que requiran proxecto segundo o establecido na ITC-ICG 07, e das instalacións de almacenamento de GLP en depósitos fixos segundo o establecido na ITC-ICG 03 punto 5.6, realizarase ante a delegación provincial

da consellería competente en materia de industria, mediante os modelos de solicitude, memoria técnica e certificado de instalación, que figuran respectivamente nos anexos I, II, III e IV desta orde.

Artigo 4º.-*Estacións de servizo para vehículos a gas.*

As estacións de servizo para vehículos a gas a que se refire a ITC-ICG 05 punto 4.7, deberán ser inscritas no Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia, sen prexuízo das obrigas establecidas na Orde do 24 de maio de 2006 pola que se crea e se regula o Rexistro de Instalacións de Distribución polo miúdo de Produtos Petrolíferos Líquidos.

CAPÍTULO II

AXENTES AUTORIZADOS

Artigo 5º.-*Requisitos para a obtención do certificado de cualificación individual e do carné de instalador de gas.*

A emisión e renovación do certificado de cualificación individual e do carné de instalador de gas regulamentados na ITC ICG09, punto 2, serán tramitados polas delegacións provinciais da consellería competente en materia de industria.

A antedita ITC no seu punto 2.3.1 establece que o certificado concederáse, nas súas diversas categorías:

a) Cando o interesado se atope en posesión dunha titulación que, en virtude do ordenamento legal vixente, outorgue ao seu titular atribucións suficientes para a realización da actividade.

b) Noutro caso, a criterio da comunidade autónoma:

b.1) Mediante a superación dun exame teórico-práctico sobre os contidos que se indican no anexo I da antedita ITC ICG 09.

b.2) Mediante a certificación realizada por unha entidade acreditada para a certificación das persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, de ter superado un exame teórico-práctico que inclúa os contidos que se indican no anexo I da referida ITC ICG 09.

A relación de titulacións a que se refire o antedito punto a) serán establecidas mediante resolución do director xeral competente en materia de industria, que será feita pública mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Xunta de Galicia.

O modelo de solicitude para realizar a inscrición nas probas teórico-prácticas, para obter ou renovar o certificado de cualificación individual na súas

diversas categorías, así como para solicitar a expedición ou renovación do carné de instalador de gas, a que se refiren os puntos 2.3 e 2.4 da ITC-ICG09, figura no anexo V a esta orde.

Artigo 6º.-*Entidades de formación.*

As persoas que desexen obter o certificado de cualificación individual poderán realizar o exame teórico-práctico a que se refire a ITC-ICG09 punto b-1) sen necesidade da realización de curso previo ningún. Porén, as entidades de formación que desexen impartir os ditos cursos deberán ser autorizadas pola consellería competente en materia de industria conforme o establecido na Orde do 27 de decembro de 2000 pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais, e existencias a empresas autorizadas para instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial e a normativa que a desenvolva. Poderán, así mesmo, impartir os ditos cursos as entidades de formación homologadas recoñecidas ou autorizadas por outra comunidade autónoma ou outro Estado membro da Unión Europea.

A consellería competente en materia de industria poderá fixar os medios mínimos con que deberán contar en Galicia as ditas entidades de formación, coa finalidade de conseguir que os cursos relativos a instalacións de gas sexan impartidos axeitadamente aos coñecementos establecidos no anexo I da ITC-ICG9.

Artigo 7º.-*Empresa instaladora de gas.*

O certificado de empresa instaladora de gas a que se refire o punto 3.2 da ITC-ICG 09, poderá obterse nas delegacións provinciais da consellería competente en materia de industria. As empresas instaladoras de gas autorizadas noutra comunidade autónoma que desexen exercer a súa actividade no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia deberán comunicalo á correspondente delegación provincial da consellería competente en materia de industria na que vaian a iniciar a actividade, achegando copia do certificado de empresa instaladora autorizada en vigor e un certificado de non sanción, expedidos pola comunidade autónoma de orixe.

A solicitude para obter ou renovar o certificado de empresa instaladora de gas nas súas diferentes categorías así como para realizar a comunicación a que se refire o parágrafo precedente, figura como anexo VI desta orde.

Disposición transitoria

Única.-Validación de carnés profesionais.

Conforme o establecido na disposición transitoria primeira do Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distri-

bución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG01 a 11, a consellería competente en materia de industria validará os carnés profesionais de instalador de gas e a autorización de empresa instaladora nos termos establecidos na referida disposición.

Disposicións adicionais

Primeira.-Mantemento e revisións periódicas de instalacións.

As operacións de mantemento preventivo sinaladas na norma UNE 60250 terán unha periodicidade dun ano como máximo.

A primeira revisión periódica, a que se refire o punto 4.2 da ITC ICG 07, que de maneira conxunta deberán pasar unha instalación receptora non alimentada desde redes de distribución e a instalación que a alimenta, realizaranse na data de vencemento máis próximo dos períodos de revisión correspondentes á instalación receptora e á instalación de alimentación. A partir desa primeira ocasión rexerá a periodicidade establecida na ITC ICG 07.

Segunda.-Autonomía mínima dos depósitos fixos.

En relación á autonomía de subministración suficiente das instalacións de almacenamento de GLP en depósitos fixos a que se refire a ITC-ICG 03 punto 4, considerarase como tal cando se dispoña dunha autonomía mínima de 10 días.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Actualización e desenvolvemento.

Facúltase o director xeral competente en materia de industria para ditar cantas resolucións sexan precisas para o desenvolvemento desta orde así como para modificar o contido dos seus anexos.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

ANEXO I

| | | |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO REXISTRO DE INSTALACIÓN RECEPTORA DE GAS COMBUSTIBLE | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN625A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|--------------------------------|

DATOS DO TITULAR

| | | | |
|-------------------------------|---------------|--------------------|-----|
| NOME TITULAR | | NIF/CIF | |
| ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO) | | PROVINCIA | |
| CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX |
| CORREO ELECTRÓNICO | | CORREO ELECTRÓNICO | |
| NA SÚA REPRESENTACIÓN | | NIF/CIF | |

DATOS DA INSTALACIÓN

| | | | |
|-------------------------------|---------------|--------------------------------|-----|
| NOME / USUARIO | | Nº REXISTRO INSTALACIÓN PREVIA | |
| ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO) | | PROVINCIA | |
| CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX |
| EMPRESA INSTALADORA | | Nº EMPRESA INSTALADORA | |
| INSTALADOR | | Nº INSTALADOR | |
| PROXECTISTA | Nº COLEXIADO | COLEXIO PROFESIONAL | |
| DIRECTOR DE OBRA | Nº COLEXIADO | COLEXIO PROFESIONAL | |

CLASIFICACIÓN INSTALACIÓN SEGUNDO ITC-ICG 07

| | | |
|--|---|--|
| <input type="checkbox"/> Individual Pot. > 70 kw POTENCIA DA INSTALACIÓN (kW) | <input type="checkbox"/> Común Pot. > 2000 kw POTENCIA DA INSTALACIÓN (kW) | <input type="checkbox"/> Acometida interior Pot. > 2000 kw POTENCIA DA ACOMETIDA (kW) |
| <input type="checkbox"/> Subministrada desde rede Pres. >5 bar PRESIÓN DA REDE DE SUBMINISTRACIÓN (BARES) | <input type="checkbox"/> Novas técnicas | <input type="checkbox"/> Ampliación existente (máis de 30%) |

TIPO DE SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE

| | | | |
|---|---|---|--|
| <input type="checkbox"/> GAS NATURAL | <input type="checkbox"/> GAS PROPANO | <input type="checkbox"/> GAS BUTANO | <input type="checkbox"/> OUTROS GASES |
| <input type="checkbox"/> REDE DE DISTRIBUCIÓN | <input type="checkbox"/> DEPÓSITOS DE GLP FIXOS | <input type="checkbox"/> DEP. MÓBILES DE GLP > 15 kg. | <input type="checkbox"/> DEP. MÓBILES < 15 kg. |
| USOS PRINCIPAIS DA INSTALACIÓN RECEPTORA | | | |
| OBSERVACIÓN | | | |

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

| <input type="checkbox"/> (I)NSCRICIÓN | <input type="checkbox"/> (M)ODIFICACIÓN | <input type="checkbox"/> (B)AIXA | I | M | B | |
|---|---|----------------------------------|-------------------|---|---|---|
| <input type="checkbox"/> NIF DO PARTICULAR/CIF DA SOCIEDADE TITULAR DA INSTALACIÓN. | | | √ | √ | √ | |
| <input type="checkbox"/> PROXECTO CONSTRUTIVO DA INSTALACIÓN. | | | √ | √ | √ | |
| <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE DIRECCIÓN DE OBRA. | | | √ | √ | √ | |
| <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DA INSTALACIÓN. | | | √ | √ | √ | |
| <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE CHEMINEAS SEGUNDO ITC-ICG 07 (se é o caso). | | | √ | √ | √ | |
| <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE ACOMETIDA (se é o caso). | | | √ | √ | √ | |
| <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS | CLAVE I: 32.17.00 | CLAVE M: 32.17.00 | CLAVE B: 32.02.00 | √ | √ | √ |

A DOCUMENTACIÓN QUE NON SEXA ORIXINAL DEBERÁ ATOPARSE DEBIDAMENTE COMPULSADA

| | | |
|--|--|--|
| LEXISLACIÓN APLICABLE - Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gaseosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11. - Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia. - Orde do 28 de abril de 2008 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11, aprobadas polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo. | (Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME | NÚMERO DE EXPEDIENTE FECHA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA |
| SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA | | |

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación e Industria de



ANEXO II

| | | |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO INSCRIPCIÓN/MODIFICACIÓN/BAIXA NO REXISTRO DE INSTALACIÓNS DE ALMACENAMENTO DE GLP EN DEPÓSITOS FIXOS | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN623A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|--|---|--------------------------------|

DATOS DO TITULAR

| | | | |
|-------------------------------|----------|-----------|----------------------|
| NOME TITULAR | | NIF/CIF | |
| ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO) | | PROVINCIA | CONCELLO |
| CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX | ENDEREZO ELECTRÓNICO |
| NA SÚA REPRESENTACIÓN | | | NIF/CIF |

DATOS DA INSTALACIÓN

| | | | |
|-------------------------------|---------------|--------------------------------|---------------------|
| NOME/USUARIO | | Nº REXISTRO INSTALACIÓN PREVIA | |
| ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO) | | PROVINCIA | |
| CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX |
| EMPRESA INSTALADORA | | Nº REXISTRO CATASTRAL | |
| INSTALADOR | | Nº INSTALADOR | OCA |
| PROXECTISTA | Nº COLEXIADO | | COLEXIO PROFESIONAL |
| DIRECTOR DE OBRA | Nº COLEXIADO | | COLEXIO PROFESIONAL |

CLASIFICACIÓN INSTALACIÓN (Segundo a norma UNE 60250) (*)

| | | | | | | |
|--|---|---|--|--|--|--|
| INSTALACIÓN <input type="checkbox"/> NOVA <input type="checkbox"/> AMPLIACIÓN <input type="checkbox"/> SUBSTITUCIÓN | TIPO <input type="checkbox"/> A <input type="checkbox"/> E | CLASE <input type="checkbox"/> 5 <input type="checkbox"/> 13 <input type="checkbox"/> 35 <input type="checkbox"/> 60 <input type="checkbox"/> 120 <input type="checkbox"/> 500 <input type="checkbox"/> 2000 | SITUACIÓN <input type="checkbox"/> EN PATIO <input type="checkbox"/> EN AZOTEA | VAPORIZADOR <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON | EQUIPO TRANSVASAMENTO <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON | BOCA CARGA DESPRAZADA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
| Nº DEPÓSITOS | VOLUME DOS DEPÓSITOS V ₁ [] m ³ ; V ₂ [] m ³ ; V ₃ [] m ³ ; V ₄ [] m ³ | | | | | |
| <input type="checkbox"/> INSTALACIÓN DE ENVASES DE GLP CON ELEMENTOS PARA A ENCHEDURA NA SÚA LOCALIZACIÓN | USO DA RECEPTORA | | | | POTENCIA DA RECEPTORA Potencia [] kW | |
| OBSERVACIÓN | | | | | | |

(*) NO CASO DUNHA MODIFICACIÓN INDICARASE A CLASIFICACIÓN RESULTANTE
PROCEDEMENTO NON VÁLIDO PARA INSTALACIÓN QUE ALIMENTEN AS DE DISTRIBUCIÓN DE COMBUSTIBLES GASOSOS POR CANALIZACIÓN

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

| <input type="checkbox"/> (I)NSCRIPCIÓN | <input type="checkbox"/> (M)ODIFICACIÓN | <input type="checkbox"/> (B)AIXA | I | M | B |
|--|---|----------------------------------|---|---|---|
| <input type="checkbox"/> NIF DO PARTICULAR/CIF DA SOCIEDADE TITULAR DA INSTALACIÓN | | | √ | √ | √ |
| <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DA INSTALACIÓN | | | √ | √ | |
| <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE INSPECCIÓN | | | √ | √ | |
| <input type="checkbox"/> MEMORIA TÉCNICA OU PROXECTO CONSTRUTIVO DA INSTALACIÓN | | | √ | | |
| <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE DIRECCIÓN DE OBRA, CANDO EXISTA PROXECTO | | | | √ | |
| <input type="checkbox"/> CONTRATO DE MANTEMENTO E LIBRO | | | √ | √ | |
| <input type="checkbox"/> DOCUMENTACIÓN DOS DEPÓSITOS | | | √ | √ | |
| <input type="checkbox"/> PARA DEPÓSITOS INSTALADOS EN AZOTEA, CERTIFICADO DUN TÉCNICO FACULTATIVO COMPETENTE DA CAPACIDADE DA CUBERTA DA EDIFICACIÓN PARA SOPORTAR AS CARGAS QUE SE PRODUZAN | | | √ | √ | |
| <input type="checkbox"/> MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTUACIÓN ASINADA POLA EMPRESA INSTALADORA, NO CASO DE SUBSTITUCIÓN DE DEPÓSITOS | | | | √ | |
| <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DA EMPRESA INSTALADORA DA INERTIZACIÓN DOS DEPÓSITOS | | | | | √ |
| <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. CLAVE I: 32.17.00. CLAVE M: 32.17.00. CLAVE B: 32.02.00 | | | √ | √ | √ |

A DOCUMENTACIÓN QUE NON SEXA ORIXINAL DEBERÁ ATOPARSE DEBIDAMENTE COMPULSADA

| | | |
|--|--|---|
| LEXISLACIÓN APLICABLE - Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11. - Lei 9/2004, do 10 e agosto, de seguridade industrial de Galicia. - Orde do 28 de abril de 2008 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11, aprobadas polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo. | (Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME | NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA |
| SINATURA DO TITULAR OU DA PERSOA QUE O REPRESENTA | | |

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación e Industria en []

ANEXO III

| | |
|--|--|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA Delegación Provincial de <input type="text"/> | INSTALACIÓN DE ALMACENAMIENTO DE GASES LICUADOS DO PETRÓLEO (GLP) EN DEPÓSITOS FIXOS |
| | MEMORIA TÉCNICA <i>Actualizado segundo o Real decreto 919/2006, do 28 de xullo</i> |

Pax. 1 de 2

1A. EMPRESA INSTALADORA

| | | |
|---|---|---|
| INSTALADOR <input type="text"/> | Nº CARNÉ <input type="text"/> | NIF INSTALADOR <input type="text"/> |
| EMPRESA INSTALADORA <input type="text"/> | Nº REGISTRO EMPRESA INSTALADORA <input type="text"/> | CIF/NIF EMPRESA INSTALADORA <input type="text"/> |

1B. TÉCNICO FACULTATIVO

| | | |
|--|--------------------------------------|---|
| APELLIDOS E NOME <input type="text"/> | NIF <input type="text"/> | TELÉFONO <input type="text"/> |
| TITULACIÓN <input type="text"/> | Nº COLEXIADO <input type="text"/> | COLEXIO OFICIAL <input type="text"/> |

2. TITULAR E SITUACIÓN DA INSTALACIÓN

| | | |
|--|-----------------------------------|-----------------------------------|
| NOME / TITULAR <input type="text"/> | | NIF / CIF <input type="text"/> |
| ENDEREZO <input type="text"/> | PROVINCIA <input type="text"/> | CONCELLO <input type="text"/> |
| CÓDIGO POSTAL <input type="text"/> | TELÉFONO <input type="text"/> | FAX <input type="text"/> |
| ENDEREZO ELECTRÓNICO <input type="text"/> | | |

3. DESCRICIÓN DA INSTALACIÓN

| | |
|--|---|
| DESTINO DA INSTALACIÓN <input type="text"/> | Nº REIG ASOCIADO (SE PROCEDE) <input type="text"/> |
| CLASIFICACIÓN SEGUNDO A NORMA UNE 60250 (*) <input type="checkbox"/> A-5 <input type="checkbox"/> A-13 <input type="checkbox"/> E-5 <input type="checkbox"/> E-13 | CLASIFICACIÓN SEGUNDO SITUACIÓN <input type="checkbox"/> AÉREO <input type="checkbox"/> SOTERRADO <input type="checkbox"/> EN AZOTEA <input type="checkbox"/> EN PATIO |
| TIPO DE COMBUSTIBLE <input type="checkbox"/> BUTANO <input type="checkbox"/> PROPANO | ORIENTACIÓN <input type="checkbox"/> VERTICAL <input type="checkbox"/> HORIZONTAL |
| EMPRESA SUBMINISTRADORA <input type="text"/> | |

ANEXO III

| | |
|---|--|
|  <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA</p> <p>Delegación Provincial de <input style="width: 100px;" type="text"/></p> | <p>INSTALACIÓNS DE ALMACENAMENTO DE GASES LICUADOS DO PETRÓLEO (GLP) EN DEPÓSITOS FIXOS</p> <p>MEMORIA TÉCNICA</p> |
| <p><i>Actualizado segundo o Real decreto 919/2006, do 28 de xullo</i></p> | |
| <p>Pax. 2 de 2</p> | |

4. DEPÓSITOS: CARACTERÍSTICAS E XUSTIFICACIÓN DE ELECCIÓN E AUTONOMÍA

| FABRICANTE | Nº FABRICACIÓN | VOLUME (m³) | PRESIÓN DE DESEÑO (bar) | PRESIÓN DE PROBA (bar) | DATA DO 1º RETIMBRADO OU DO ÚLTIMO (SE NON É NOVO) | VÁLVULA DE SEGURIDADE | |
|---|---|---|---|---|--|---|---|
| | | | | | | DESCARGA TOTAL (m³/min) | PRESIÓN DE TARADO (bar) |
| <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> |
| <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> |
| <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> |
| <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> |

PROTECCIÓN ADICIONAL, SE É O CASO (INDICAR TIPO E DURABILIDADE)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| PROTECCIÓN CATÓDICA, SE É O CASO | MATERIAL | Nº DE ÁNODOS | CANTIDADE(Kg) | VALOR DA 1ª MEDIDA (mV) |
| <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> | <input style="width: 100%;" type="text"/> |

XUSTIFICACIÓNS:

5. XUSTIFICANTE DA PROTECCIÓN CONTRA A CORROSIÓN

6. DOCUMENTACIÓN QUE SE ANEXA A ESTA MEMORIA

- DIAGRAMA DE PRINCIPIO E FUNCIONAMENTO, CON INDICACIÓN DOS DISPOSITIVOS DE CORTE E PROTECCIÓN, SECCIÓNS DAS TUBAXES E OUTROS ELEMENTOS
- PLANO DE SITUACIÓN E LOCALIZACIÓN
- PLANO ACOUTADO
- DOCUMENTACIÓN DOS DEPÓSITOS
- RECOMENDACIÓNS PARA A CORRECTA EXPLOTACIÓN DA INSTALACIÓN
- INSTRUCIÓNS DE UTILIZACIÓN, MANTEMENTO E EMERXENCIA

SINATURA DO TÉCNICO FACULTATIVO E SELO DO COLEXIO OFICIAL

_____, de _____ de _____

SINATURA DO INSTALADOR E SELO DA EMPRESA INSTALADORA

_____, de _____ de _____

ANEXO IV

| | |
|--|--|
|  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA Delegación Provincial de <input type="text"/> | CERTIFICADO DE INSTALACIÓN DE ALMACENAMIENTO DE GLP EN DEPÓSITOS FIXOS |
| | <i>Lexislación aplicable: Real decreto 919/2006, do 28 de xullo</i> |

DATOS DA INSTALACIÓN

| | | |
|--|---------------------------------------|----------------------------------|
| SITUACIÓN | | |
| RÚA/LUGAR <input type="text"/> | CÓDIGO POSTAL <input type="text"/> | CONCELLO <input type="text"/> |
| TITULAR | | |
| NOME OU RAZÓN SOCIAL <input type="text"/> | | |
| RÚA/LUGAR <input type="text"/> | CÓDIGO POSTAL <input type="text"/> | CONCELLO <input type="text"/> |

DATOS COMPLEMENTARIOS

| | | |
|--|---|---|
| DESTINO DA INSTALACIÓN <input type="text"/> | Nº REIG ASOCIADO (SE PROCEDE) <input type="text"/> | |
| CLASIFICACIÓN SEGUNDO A NORMA UNE 60250 (*) <input type="checkbox"/> A-5 <input type="checkbox"/> A-13 <input type="checkbox"/> E-5 <input type="checkbox"/> E-13 | CLASIFICACIÓN SEGUNDO SITUACIÓN <input type="checkbox"/> AÉREO <input type="checkbox"/> SOTERRADO <input type="checkbox"/> EN AZOTEA <input type="checkbox"/> EN PATIO | TIPO DE COMBUSTIBLE <input type="checkbox"/> BUTANO <input type="checkbox"/> PROPANO |
| Nº DE DEPÓSITOS E CAPACIDADES (m³) <input type="text"/> | CAPACIDADE TOTAL DA INSTALACIÓN (m³) <input type="text"/> | |

PROBAS, ENSAIOS E VERIFICACIÓNS (Deben consignarse obrigatoriamente)

Foron comprobadas con resultado FAVORABLE as probas, os ensaios e as verificacións que se indican a continuación:

| PROBAS | ENSAIOS | VERIFICACIÓNS |
|--|---|--|
| Depósitos <input type="checkbox"/> Comprobase que o/s depósitos veñen coa proba hidrostática no taller do fabricante. | Depósitos <input type="checkbox"/> Teñen saído do taller do fabricante provistos da valvularía e cheos de gas inerte. Tense comprobado que non existe perda de presión. | <input type="checkbox"/> As chaves son estancas á presión de proba. |
| Canalizacións en fase líquida <input type="checkbox"/> Proba a 29 bar durante 10 minutos, unha vez estabilizada a presión. | Canalizacións en fase líquida <input type="checkbox"/> Ensaio de estanquidade a unha presión de 3 bar con aire ou gas inerte GLP en fase gasosa durante 1 hora, ou durante 30 min. Se son tramos inferiores a 20 m. | <input type="checkbox"/> Os elementos que compoñen a instalación funcionan correctamente. |
| Válvulas de seguridade e resto de equipamentos <input type="checkbox"/> Comprobase que as probas específicas para o resto dos equipamentos recollidas na lexislación vixente veñen certificadas polo fabricante e incorporados na documentación dos depósitos. | Canalizacións en fase gasosa <input type="checkbox"/> Teñen sido sometidas ao indicado na norma UNE 60310 ou UNE 60311, segundo a presión de servizo. | <input type="checkbox"/> Non ten sido levantado ningún preconto posto con anterioridade. |
| | | <input type="checkbox"/> A instalación cumpre en xeral coas condicións da norma UNE 60250 e en especial coas distancias de seguridade. |

EMPRESA INSTALADORA

| | | |
|--|--|---|
| NOME OU RAZÓN SOCIAL <input type="text"/> | Nº DE REXISTRO <input type="text"/> | PROVINCIA <input type="text"/> |
| NOME DO INSTALADOR AUTORIZADO <input type="text"/> | CARNÉ Nº <input type="text"/> | DA PROVINCIA DE <input type="text"/> |
| De acordo coas probas, ensaios e verificacións realizadas, das que se xuntan os resultados, certifico que a presente instalación está de acordo cos regulamentos e disposicións vixentes que a afectan e en especial co Regulamento técnico de gas e a súa ITC ICG 03 e coa norma UNE 60250, dado en _____ de _____ de _____ | | Sinatura do instalador autorizado e selo da empresa instaladora |

DIRECTOR DA INSTALACIÓN (Só nos casos que necesitaron proxecto)

| | | |
|--|---|------------------------------------|
| NOME <input type="text"/> | COLEXIADO Nº <input type="text"/> | COLEXIO DE <input type="text"/> |
| TÍTULO DO PROXECTO <input type="text"/> | Nº DE REXISTRO (EXPEDIENTE) <input type="text"/> | |
| DATA DE PRESENTACIÓN PERANTE A DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DE <input type="text"/> : <input type="text"/> | | |

MODIFICACIÓNS AO PROXECTO E A SÚA XUSTIFICACIÓN

| |
|----------------------|
| <input type="text"/> |
|----------------------|

| | |
|---|--|
| Sinatura do director da instalación e visado do colexio profesional | De acordo coas probas, ensaios e verificacións realizadas, das que se xuntan os resultados, certifico que a presente instalación está de acordo cos regulamentos e disposicións vixentes que a afectan e en especial co Regulamento técnico de gas e a súa ITC ICG 03 e coa norma UNE 60250, así como que foi executada conforme o proxecto e as súas modificacións, presentadas ante a Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria. _____ de _____ de _____ |
|---|--|

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- Acta de proba hidráulica en orixe do depósito.
 Acta de proba hidráulica na localización.
 Acta de probas e ensaios.
 Lista de compoñentes coas súas características.
 Xustificación de seguridade de compoñentes e equipamentos que o requiran.
 Indicacións sobre o estado da protección contra a corrosión e o recheo de fosa.

OBSERVACIÓNS

| |
|----------------------|
| <input type="text"/> |
|----------------------|

(Espazo reservado para o dilixenciado deste documento pola Administración)

, de de 200 .

O técnico competente



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
 E INDUSTRIA

ANEXO V

| | | |
|---|---|---|
| PROCEDEMENTO INSCRIPCIÓN NAS PROBAS-EXPEDICIÓN/RENOVACIÓN DO CARNÉ DE INSTALADOR DE GAS | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN613E | DOCUMENTO SOLICITUDE Páxina 1 de 2 |
|---|---|---|

DATOS DO SOLICITANTE

| | | | | |
|----------|---------------|-----------|-----|--------------------|
| APELIDOS | | NOME | | DNI / NIF |
| ENDEREZO | | PROVINCIA | | |
| CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO |

CATEGORÍA

INSTALADOR DE GAS DE CATEGORÍA A CATEGORÍA B CATEGORÍA C
 NO CASO DE QUE DESEXE INSCRIBIRSE EN VARIAS CATEGORÍAS DEBERÁ PRESENTAR SOLICITUDES SEPARADAS

DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR SEGUNDO O TIPO DE EXPEDICIÓN

PRIMEIRA EXPEDICIÓN

1. PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE CUALIFICACIÓN INDIVIDUAL COMO INSTALADOR DE GAS

| | |
|--|--|
| <i>XERAL</i> | <i>SEN EXAME</i> |
| <input type="checkbox"/> DNI. <input type="checkbox"/> 2 FOTOS. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. (CLAVE 32.07.01.) | <input type="checkbox"/> DNI. <input type="checkbox"/> 2 FOTOS. <input type="checkbox"/> TITULACIÓN. <input type="checkbox"/> FICHA DE RECOLLIDA DE SINATURA. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. (CLAVE 32.07.01.) |

2. PARA A OBTENCIÓN DO CARNÉ DE INSTALADOR DE GAS

CERTIFICADO DE CUALIFICACIÓN INDIVIDUAL COMO INSTALADOR DE GAS.
 DOCUMENTACIÓN QUE REFLECTA A INCLUSIÓN NUNHA EMPRESA INSTALADORA DE GAS.

CADA VEZ QUE O INTERESADO CAMBIE DE EMPRESA INSTALADORA

CARNÉ DE INSTALADOR DE GAS.
 DOCUMENTACIÓN QUE REFLECTA A INCLUSIÓN NA NOVA EMPRESA INSTALADORA DE GAS.
 XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. (CLAVE 32.07.02.).

RENOVACIÓN

CARNÉ DE INSTALADOR DE GAS.
 2 FOTOS.
 XUSTIFICANTE DE TER REALIZADO DÚAS INSTALACIÓNS POR ANO OU 15 NOS CINCO ANOS OU MANTIDO OU REVISADO 10 INSTALACIÓNS POR ANO OU 50 NOS CINCO ANOS.
 DOCUMENTACIÓN QUE REFLECTA A INCLUSIÓN NUNHA EMPRESA INSTALADORA DE GAS.
 XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. (CLAVE 32.07.02.).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a11.

- Orde do 28 de abril de 2008 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a11, aprobadas polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

(Para cubrir pola Administración)

| | |
|---------------------|----------------------|
| RECIBIDO | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| REVISADO E CONFORME | DATA DE ENTRADA |
| | DATA DE EFECTOS |
| | DATA DE SAÍDA |

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación e Industria en

**CERTIFICACIÓN DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS EN EMPRESA INSTALADORA AUTORIZADA**

D/Dª , en representación
da empresa instaladora de gas
inscrita na Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de co número

CERTIFICO:

Que Don/Dª , con NIF
e con certificado de cualificación individual como instalador de gas da categoría , presta os seus servizos na empresa que represento.

E, por petición do interesado e para os efectos oportunos de que se lle expida o carné de instalador de gas da categoría , expídese este
certificado en

,
SINATURA DO REPRESENTANTE DA EMPRESA



ANEXO VI

| | | |
|--|---|--|
| PROCEDIMENTO AUTORIZACIÓN/RENOVACIÓN DE EMPRESAS INSTALADORAS DE GAS | CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN609D | DOCUMENTO SOLICITUDE <i>Páxina 1 de 2</i> |
|--|---|--|

A empresa da que os datos figuran a continuación SOLICITA o outorgamento ou a renovación do certificado de empresa instaladora de gas da categoría A, B ou C.

| | | | |
|----------------------------------|--|-----------------------------|---|
| EMPRESA | | NIF | |
| CON ENDEREZO EN | | PROVINCIA | CONCELLO |
| CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | REPRESENTADA POR | DNI |
| ACTIVIDADES QUE AMPARA | | EPÍGRAFES DA LICENZA FISCAL | |
| Nº PATRONAL DA SEGURIDADE SOCIAL | Nº NO REGISTRO DE EMPRESAS AUTORIZADAS | Nº REGISTRO INDUSTRIAL | CLASIFICACIÓN DA EMPRESA A EFECTOS DA CUALIFICACIÓN |

CATEGORÍA DA EMPRESA INSTALADORA DE GAS

CATEGORÍA A
 CATEGORÍA B
 CATEGORÍA C

EN CASO DE QUE DESEXE OBTER A AUTORIZACIÓN OU A RENOVACIÓN EN MÁIS DUN TIPO DE EMPRESA, DEBERÁ PRESENTAR SOLICITUDES SEPARADAS.

| | |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> AUTORIZACIÓN DE ALTA DE EMPRESA <input type="checkbox"/> TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA EMPRESA. <input type="checkbox"/> DNI DO REPRESENTANTE DA EMPRESA. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE ESTAR INCLUÍDO NO CENSO DE OBRIGADOS TRIBUTARIOS OU, SE É O CASO, NO DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (I.A.E.), NA EPÍGRAFE CORRESPONDENTE. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE ALTA DA EMPRESA NA SEGURIDADE SOCIAL OU NO RÉXIME ESPECIAL DE AUTÓNOMOS, SE É O CASO. <input type="checkbox"/> CERTIFICADOS DE CUALIFICACIÓN INDIVIDUAL COMO INSTALADOR DE GAS DAS CATEGORÍA A, B OU C, QUE DECLARA QUE O POSÚEN. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DO LOCAL E DOS MEDIOS TÉCNICOS DOS QUE DISPÓN PARA REALIZAR O TRABALLO. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE TER CUBERTA A RESPONSABILIDADE CIVIL CONFORME O ESTABLECIDO NO PUNTO 3 DA ITC-ICG 09. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS. CLAVE: 32.07.01. | <input type="checkbox"/> RENOVACIÓN DE ALTA DE EMPRESA <input type="checkbox"/> ÚLTIMOS TC1 E TC2 DA SEGURIDADE SOCIAL OU XUSTIFICANTE DE COTIZACIÓN OU RÉXIME DE AUTÓNOMOS, SE É O CASO. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE QUE SEGUEN CUMPRÍNDOSE TODOS OS CONDICIONANTES TÉCNICOS E HUMANOS QUE DERON PÉ Á AUTORIZACIÓN INICIAL. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE TER CUBERTA A RESPONSABILIDADE CIVIL CONFORME O ESTABLECIDO NO PUNTO 3 DA ITC-ICG 09. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS. CLAVE: 32.07.02. <input type="checkbox"/> PARA EMPRESAS PROCEDENTES DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS <input type="checkbox"/> CERTIFICADO NA COMUNIDADE DE ORIXE. <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE QUE NIN A EMPRESA NIN AS PERSOAS QUE DECLARA DOTADAS DE CARNÉ SE ENCONTRAN SANCIONADAS. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE TAXAS. CLAVE: 32.07.02. |
|---|---|

TODA A DOCUMENTACIÓN XUNTARASE EN ORIXINAL E FOTOCOPIA OU FOTOCOPIA COMPULSADA

OBSERVACIÓNS

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11.
 - Orde do 28 de abril de 2008 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11, aprobadas polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

| | |
|---------------------|----------------------|
| RECIBIDO | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| REVISADO E CONFORME | DATA DE ENTRADA |
| | DATA DE EFECTOS |
| | DATA DE SAÍDA |

Delegado/a provincial da Consellería de Innovación e Industria en
